

2001 é unha película de culto do xénero **ciencia ficción** dirixida por **Stanley Kubrick** e estreada en 1968 que marcou un fito polo seu estilo de comunicación visual, os seus revolucionarios efectos especiais, o seu realismo científico e as súas proxeccións vangardistas.

O guion foi escrito polo propio Kubrick e polo novelista **Arthur C. Clarke**, baseándose nun conto deste último titulado O sentinela, escrito en 1948 e publicado orixinalmente na revista 10 Historias de Fantasía, en 1951.

A súa trama céntrase nun **equipo de astronautas**, que trata de seguir **os sinais de radio emitidas** por un estraño monólito achado na lúa e que parece ser obra dunha civilización extraterrestre. É unha película de ciencia ficción transversal, que aborda temas como a **evolución humana**, a **tecnoloxía**, a **intelixencia artificial** e a **vida extraterrestre**.




Ano 2154. Jake Sully, un ex-marine condeado a vivir nunha cadeira de rodas, segue sendo, pese a todo, un auténtico guerreiro. Precisamente por iso foi designado para ir ao planeta Pandora, onde algunhas empresas están extraendo un mineral estrano que podería resolver a crise enerxética da Terra.

Para contrarrestar a toxicidade da atmosfera de Pandora, creouse o programa Avatar, grazas ao cal os seres humanos manteñen as súas consciencias unidas a un avatar: un corpo biolóxico controlado de forma remota que pode sobrevivir no aire letal. Eses corpos foron creados con ADN humano, mesturado con ADN dos nativos de Pandora, os Na'vi.

Convertido en avatar, Jake pode camiñar de novo. A súa misión consiste en infiltrarse entre os Na'vi, que se converteron no maior obstáculo para a extracción do mineral.

Pero cando Neytiri, unha fermosa Na'vi, salva a vida de Jake, todo cambia: Jake, tras superar certas probas, é admitido no seu clan. Mentras tanto, os homes esperan os resultados da misión de Jake.



GATTACA é un filme estadounidense de ciencia ficción de **1997** dirixido por Andrew Niccol e protagonizado por *Ethan Hawke, Uma Thurman e Jude Law*.

Nunha sociedade futura na que por enxeñaría xenética se poden ter fillos saudables, intelixentes, con alta resistencia física e expectativas dunha vida longa por ausencia de enfermidades xenéticas e problemas cardíacos, nace de forma natural Vincent, o protagonista da película. Vincent quere ser astronauta e viaxar a outros planetas, pero estas profesións están reservadas para as persoas cun perfil xenético determinado obtido por enxeñaría xenética e el só pode optar a traballos de limpeza e asistencia en empresas. Vincent non se conforma co seu destino e coa axuda Jerome, loitará por demostrar que non é un “non válido”.

O filme está cheo de referencias e simboloxía xenética como o propio título da película.



WALL-E é un filme de animación estadounidense de ciencia ficción realizada case na súa totalidade por ordenador, producida por Pixar e estreada no 2008.

No ano 2700, nun planeta Terra devastado e sen vida, tras centos de solitarios anos facendo aquilo para o que foi construído (limpar o planeta de lixo) o pequeno robot WALL-E (acrónimo de Waste Allocation Load Lifter Earth-Class) descobre unha nova misión na súa vida (ademais de recoller cousas inservibles), cando se atopa cunha moderna e lustrosa robot exploradora chamada EVE que foi enviada á Terra para investigar se esta podería ser habitada de novo polos humanos. Ambos vivirán unha emocionante e inesquecible aventura.

Foi premiada co Óscar e o BAFTA á mellor película de animación no 2008 e co Globo de Oro á mellor película animada no 2009.



BLADE RUNNER é un filme de ciencia ficción, cyberpunk e cinema negro de 1982 dirixido por Ridley Scott e protagonizado por Harrison Ford. É unha adaptación da novela *Do Androids Dream of Electric Sheep?* de Philip K. Dick.

A acción transcorre na cidade de Los Ángeles no ano 2019 onde a empresa Tyrrel Corporation fabrica uns androides chamados replicantes difícilmente distinguibles dos humanos. Estes replicantes están prohibidos na Terra e empréganse para traballos perigosos nas colonias espaciais. Os Blade Runners son axentes especiais de policía encargados de matar (“retirar”) aos replicantes que desafían as normas e retornan á Terra.

Rick Deckard é un experto Blade Runner que acepta o traballo de eliminar a un grupo de replicantes fuxidos e agochados na cidade de Los Ángeles.



NUNCA ME ABANDONES é unha película británica do 2010 baseada na novela de Kazuo Ishiguro (Premio Nobel de Literatura do 2017). O filme foi dirixido por Mark Romanek e protagonizado por Carey Mulligan, Keira Knightley e Andrew Garfield.

A historia céntrase en tres mozos , Kathy, Ruth e Tommy, que pasan a súa infancia nunha escola inglesa do rural, en aparencia idílica. A medida que se van facendo maiores, deben facer fronte a profundos sentimentos de amor, ciumes e traizón, á vez que descubren o devastador destino que lles espera na súa vida adulta.

O inquietante segredo que os protagonistas van a ir descubriendo é que son clons creados coa única finalidade de ser doantes de órganos.




EVA é unha película española de ciencia ficción dirixida por Kike Maíllo e protagonizada por Claudia Vega, Daniel Brühl e Marta Etura.

A acción transcorre no ano 2041, no que as persoas viven acompañadas de criaturas mecánicas. Álex é un reputado enxeñeiro cibernético, que regresa á universidade de Santa Irene, tras dez anos de ausencia, cun encargo moi específico para a Facultade de Robótica, crear unha intelixencia artificial para un neno robot.

A exparella de Álex (Lana) e o seu irmán (David) continuaron o traballo que el abandonara anos atrás e están agora xuntos e teñen unha filla, Eva, unha nena moi especial.

A rutina de traballo de Álex verase alterada pola presenza da intensa e magnética Eva, coa que Álex establecerá unha relación de complicidade e descubrimentos mutuos.



EL DÍA DE MAÑANA é un filme estadounidense dirixido por Roland Emmerich e protagonizado por Jake Gyllenhaal e Dennis Quaid que se estreou en 2004.

O paleoclimatólogo Jack Hall atopa indicios de que o actual quentamento global podería desencadear un repentino e catastrófico cambio climático no planeta, e advirte deste risco aos dirixentes políticos tentando convecelos da necesidade de adoptar medidas inmediatas para evitalo. Entre tanto, unha serie de anómalos fenómenos climáticos empezan a producirse en diferentes partes do globo. O quentamento global levou ao planeta ao bordo dunha nova era glacial que afectará a todo o Hemisferio Norte.

Sam, o fillo de Jack, atópase na Biblioteca de Nova York xunto cuns compañeiros de instituto participando nun concurso académico. Alí deben refuxiarse mentres esperan que o seu pai vaia a rescatalos.



DESCIFRANDO ENIGMA

Durante o inverno de 1952, as autoridades británicas entraron no fogar do **matemático e heroe de guerra Alan Turing** coa intención de investigar a denuncia dun roubo. Acabaron arrestando a Turing acusándoo de “indecencia grave”, un cargo que lle supuxo unha devastadora condeza por algo que daquela se consideraba unha ofensa criminal, ser homosexual.

Os oficiais non tiñan nen idea de que en realidade estaban incriminando ao pioneiro da informática actual. Liderando a un heteroxéneo grupo de académicos, lingüistas, campións de xadrez e oficiais de intelixencia, coñéceselle por ter **descifrado o código da máquina Enigma dos alemáns durante a 2ª Guerra Mundial**.

Un retrato intenso e inesquecible dun home brillante e complicado, o filme segue a un xenio que baixo unha grande presión axudou a acurtar a guerra e, consecuentemente, **salvar miles de vidas**.



En 1967 Billy Ford descubre en Zaire un virus chamado "motaba" cun índice de mortalidade do 100%, ao afectar ás vinte e catro horas da infección. O goberno de EE.UU. supón que bombardeando o poboado infectado destruírán o único brote.

Trinta anos despois, Sam Daniels é enviado a Zaire para investigar a epidemia. Ao realizar os estudos necesarios insta o seu superior, Billy Ford, a que decrete o estado de alerta, pero Ford sabe que o virus non é novo e que non pode dalo a coñecer á poboación.

Con todo un pequeno mono portador do virus é capturado e transportado ilegalmente en barco desde o Zaire ata Estados Unidos. Daniels e o seu exmujer Robby Keough investigarán as infeccións que se produciron con tal de atopar unha cura ao letal virus que ameaza con estenderse por todo o mundo.



(**Hidden Figures** en inglés, xogando co dobre significado da palabra “figure”, que en inglés significa “figura” pero tamén “cifra”)
A película conta a historia real da **matemática** afroamericana **Katherine Johnson** (con tan so 8 anos, era capaz de resolver esta ecuación de cuarto grado: $x^2 + 6x - 7) \cdot (2x^2 - 5x - 3) = 0$) e as súas dúas colegas **Dorothy Vaughan** e **Mary Jackson**, que traballaban na División Segregada (é dicir, so para persoas negras) de Cálculo do Centro de Investigación Langley e axudaron á NASA na carreira espacial. Utilizando os seus cálculos, John Glenn convertiuse no primeiro astronauta estadounidense en completar unha órbita arredor da Terra.



En 2004 en Tailandia produciuse unha das catástrofes naturais que máis impactaron nos últimos tempos: un terremoto submarino de grao 9 (un dos máis potentes da historia) na rexión de Sumatra foi o causante de que se produciran unha serie de tsunamis dun poder destrutivo total. Ondas de 30 metros de altura sacudiron a costa de diferentes zonas, entre elas Tailandia, onde a perda humana foi masiva.

A partir deste suceso, o director español J.A. Bayona aborda o drama humano dunha familia que se atopa no lugar dos feitos e se ten que enfrentar ao pesadelo da separación, ademais de ter que sufrir a incerteza, o terror e a desesperación instalada ao seu arredor.


Maria e Henry atópanse pasando o Nadal nun hotel de Tailandia xunto aos seus dous fillos, Simon e Thomas. O que parece unha mañá normal xunto á súa familia, convértese nun inferno ao ver como de repente fronte a eles se alza unha enorme columna de auga que termina engulíndoos e arrastrándoos, levándoos a cada un por un lado diferente.



Nun futuro non moi lonxano, a Terra é un planeta cos seus recursos naturais esgotados debido ao cambio climático, cheo de plagas e tormentas de area que fan moi difícil a agricultura e en consecuencia a supervivencia da humanidade.

Un grupo de científicos liderados polo ex-enxeñeiro e piloto da NASA Joseph Cooper emprende unha misión espacial para atopar un novo planeta que sexa habitable para os humanos. Durante a exploración atopan un **buraco de gusano** que lles permite facer **viaxes interestelares**. Moi preto dun **buraco negro** chamado Gargantúa existe un grupo de planetas que poden ser habitables, pero cal deles será? Terán que aterrizar en cada un deles para saber cal cumpre as condicións.


Trátase dunha película profundamente científica. Conceptos como a **gravidade**, a **relatividade**, os **buracos negros e de gusano**, plantéxanse como absolutamente realistas. A película está baseada no traballo do físico Kip Thorne sobre a relación espacio-tempo.



Durante unha misión tripulada a **Marte**, o astronauta Mark Watney foi dado por morto despois dunha tormenta e abandonado polo resto da tripulación.

Pero Watney está vivo e atópase atrapado e so neste planeta hostil (a súa temperatura oscila entre -153°C e 22°C nun día de verán, a auga está en forma de xeo e a súa atmosfera está composta por un 95% de CO_2).

Con escasos subministrados, **o astronauta recorre ao seu inxenio para sobrevivir e comunicarse coa Terra**, mentras agarda o seu rescate. Botánico de profesión, buscará a maneira de que o solo sexa fértil (utilizando os seus propios excrementos como fertilizante, consegue cultivar patacas).



Thomas A. Anderson de día é programador informático e polas noites un hacker que utiliza o alcume de Neo. Pasase a vida buscando a unha persoa, Morfeo, e a resposta a unha pregunta: «Que é Matrix?»

Morfeo e os seus, ó decatarse de que os seus inimigos están buscando a Neo, deciden entrar en contacto con él. Outra hacker, Trinity, condúceo ata Morfeo e a resposta que busca. Pero para obtela debe renunciar á súa vida anterior e a todo o que coñeceu ata entón. Acepta e traga unha pílula vermella, en vez doutra azul que suporía quedar como estaba.

Neo descobre que o mundo no que cría vivir non é máis ca unha simulación virtual á que se atopa conectado mediante un cable enchufado no seu cerebro. Os miles de millóns de persoas que viven conectadas ó seu arredor, están sendo cultivadas do mesmo modo para poder dar enerxía ás máquinas. Esta ilusión colectiva (ou simulación interactiva) é coñecida como Matrix.



En abril de 2054 o capitán John Anderton é xefe da forza de policía PreCrimen en Washington D. C. O grupo usa visións do futuro que son vistas polos tres "Precognitivos", que son tres mutantes, dous irmáns xemelgos homes e unha muller, con habilidades precognitivas. Grazas a iso detiveron moitos asasinatos no estado por seis anos, logrando taxas de criminalidade baixísimas. Anderton é un membro moi respectado do grupo, aínda que é adicto a unha droga chamada "Neuroina". Isto foi xerado despois de que o seu fillo Sexan desaparecese nunha piscina pública e tamén causou que a súa esposa Lara deixáseo, aínda que non se divorciaron.

O director de PreCrimen, Lamar Burgess, propón que o sistema PreCrimen instáurese en toda a nación. Para aprobar esta operación, o Departamento de Xustiza manda a un representante chamado Danny Witwer a inspeccionar o sistema. Durante a inspección, os Precognitivos predín que Anderton asasinará a un home chamado Leo Crow...




Tron é un filme estadounidense dirixido por [Steven Lisberger](#) que foi estreado en [1982](#).

Un [hacker](#) informático é dividido en moléculas e transportado ás entrañas dun ordenador no que un malvado programa controla tódolos aspectos do mundo virtual.

Kevin Flynn (Jeff Bridges) era un programador novo e fachendoso que traballaba na megacorporación ENCOM. Un dos executivos desta corporación é Dillinger (David Warner). Flynn foi enganado por Dillinger respecto das ganancias e autoría dos xogos que creou. De feito, Dillinger vendeu os videoxogos de Flynn e pasaron á súa propiedade.

Neste mundo, os programas son representados con personaxes parecidos aos seus creadores; Flynn é inicialmente confundido cun programa, "Clu", que escribira previamente. Flynn necesita atopar a "Tron", un programa de seguridade creado por Alan...



Eu, robot é unha película de ciencia ficción distópica producida en 2004, dirixida por Alex Proyas e protagonizada por Will Smith. Aínda que se atribúe a historia ás Series de Robots de **Isaac Asimov**, que inclúe unha recompilación de contos do mesmo nome, Eu, robot, en realidade está baseada nun guion de **Jeff Vintar**, titulado **Hardwired**.

Algunhas ideas de Asimov acerca dos robots -a máis importante, as Tres leis da robótica- foron engadidas ao guion de Vintar despois de que os produtores adquiriron os dereitos sobre o título do libro

A acción está ambientada nun futuro relativamente próximo, o ano 2035, na cidade de Chicago, no cal os robots forman parte da vida cotiá na terra e son a principal forza laboral da especie humana. O detective Spooner é un home que odia aos robots, xa que el cre que non cumpren debidamente co propósito que eles deben realizar.